

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

RESOLUCIÓN do 31 de outubro de 2023, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se publican as empresas, as persoas físicas e as institucións sen fins de lucro beneficiarias das subvencións concedidas en virtude da Orde do 26 de abril de 2023 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, para o ano 2023 (código de procedemento MT821A).

De conformidade co establecido no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publícanse as subvencións concedidas.

De acordo co anterior,

RESOLVO:

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas en virtude da Orde do 26 de abril de 2023 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, para o ano 2023 (código de procedemento MT821A).

A finalidade desta orde é promover o desenvolvemento sustentable das poboacións asociadas ao Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia mediante a concesión de axudas económicas para realizar actividades na súa área de influencia socioeconómica. A regulamentación de usos e actividades permitidas no Parque Nacional é, en ocasións, certamente restritiva, pois a fragilidade dos valores que se deben protexer así o exige. Non obstante, isto non debe ser obstáculo para fomentar e lograr o crecemento económico da zona de influencia socioeconómica de xeito harmonioso e compatible cos obxectivos de conservación.

Esta subvención financíase integramente con fondos transferidos do Estado, de acordo coa Resolución de 20 de xuño de 2022 pola que se formaliza o compromiso financeiro coa Comunidade Autónoma de Galicia destinado ás áreas de influencia socioeconómica do

CVE-DOG: 2tc7c5z7-dif8-bbe2-tis5-trqt6y6z6o26



Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia. Empréganse as aplicacións orzamentarias 08.03.541B.770.2, 08.03.541B.780.2 e 08.03.541B.781.1 do código de proxecto 2015 00694 do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 por un importe de 148.393,65 euros.

As contías e persoas beneficiarias por cada unha das liñas relaciónanse nos anexos I, II e III desta resolución.

As axudas ás empresas, persoas físicas e institucións sen fins de lucro foron aprobadas mediante a resolución da directora xeral de Patrimonio Natural da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o día 28 de setembro de 2023.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2023

Belén María do Campo Piñeiro
Directora xeral de Patrimonio Natural

ANEXO I

Relación de empresas beneficiarias ao abeiro da liña orzamentaria 08.03.541B.770.2

Expediente	NIF	Nome da empresa solicitante	Actuación	Total puntuación	Importe elixible
PN-46/2023	B70****14	Properdis Empresa de Inserción Laboral, S.L.	Control de especies alóctonas invasoras na illa de Sálvora, pertencente ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia	1,389	8.000,00 €
PN-53/2023	B36****42	Iniciativas Tradicionales Marítimas, S.L.	Da conserva artesanal á industrial na ría de Arousa. Conserva	1,371	5.898,00 €
PN-17/2023	B36****93	Ibis, Natureza e Imaxe, S.L.N.E.	Realización de vídeo divulgativo sobre a gaivota patiamarela (<i>Larus michahellis</i>) no PNMT das Illas Atlánticas de Galicia	1,183	8.000,00 €
PN-14/2023	354****2B	Bibiana Álvarez Seoane	Proxecto de divulgación no arquipélago de Cortegada. Eu divulgo, ti divulgas	1,183	8.000,00 €
PN-31/2023	B70****05	Golfiño Xestión de Ocio, S.L.	Illas Atlánticas, as illas sostibles	1,080	8.000,00 €
PN-37/2023	531****9A	Ana Vázquez Iglesias	Aprende sobre o Parque Nacional xogando	1,080	8.000,00 €
Totais (€)					45.898,00 €

CVE-DOG: 2tc7c5z7-dif8-bbe2-tis5-trqtw6yz6o26



ANEXO II
**Relación de persoas físicas beneficiarias ao abeiro da liña orzamentaria
08.03.541B.780.2**

Expediente	NIF	Nome da persoa solicitante	Actuación	Total puntuación	Importe elixible
PN-63/2023	352****7F	María López Otero	Mantemento e recuperación da tipoloxía construtiva tradicional na casa número 41 da illa de Ons	0,760	8.000,00 €
PN-01/2023	352****7G	Cesáreo Pérez Patiño	Cambio de tellado na casa número 84 da illa de Ons	0,760	8.000,00 €
PN-44/2023	768****8X	Arturo Goberna Martínez	Reparacións varias na casa número 82 da illa de Ons	0,760	8.000,00 €
PN-43/2023	352****8H	Marcelino Piñeiro Otero	Rehabilitación da casa número 81 da illa de Ons	0,760	8.000,00 €
PN-60/2023	394****8V	Alejandro Vázquez Correa	Recompilación histórica da vila de colonización da illa de Ons. Aspectos culturais, naturais e arquitectónicos	0,651	8.000,00 €
PN-56/2023	531****2E	Pablo Francisco Gómez Sala	O cine doméstico nas Illas Atlánticas: patrimonio en risco de extinción	0,651	8.000,00 €
				Totais (€)	48.000,00 €

ANEXO III
**Relación de institucións sen fins de lucro beneficiarias ao abeiro da liña
orzamentaria 08.03.541B.781.1**

Expediente	NIF	Nome da institución solicitante	Actuación	Total puntuación	Importe elixible
PN-11/2023	G15****98	Asociación galega para axuda dos enfermos con demencia tipo alzhéimer (Agadea)	Camiño de lembranzas: Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas (illa de Sálvora-Ribeira)	1,594	8.000,00 €
PN-54/2023	G70****10	Fundación Amicos protección persoas con discapacidade psíquica	Formación e capacitación adaptada de persoas con discapacidade como axentes ambientais no PNMT das Illas Atlánticas	1,594	8.000,00 €
PN-07/2023	G15****78	Asociación Amicos	Divulgación e difusión do desenvolvemento sustentable na área de influencia do PNIAG	1,594	8.000,00 €
PN-19/2023	G94****08	Asociación de Mariscadoras de Carril (Amarcarril)	Obradomar en Cortegada: xornadas de recollida de lixo mariño e obras artísticas na illa de Cortegada para centros de protección á infancia e centros de educación especial	1,594	7.690,00 €
PN-03/2023	G36****67	Fundación Matrix, Investigación y Desarrollo Sostenible	Proxecto Climillat (fase 2): cambio climático no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e a súa área de influencia	1,594	8.000,00 €
PN-24/2023	G09****51	Asociación Arousa Colibrí	Fórmate co Parque Nacional. Formación e voluntariado	1,594	8.000,00 €
				Totais (€)	47.690,00 €

CVE-DOG: 21c7c5z7-dif8-bbe2-tis5-trqtw6yz6o26

